

## Exercicio 02 – Composición sobre textos históricos.

### Edición Navideña

*Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre o reinado de Fernando VII. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos a explicar a política seguida polo monarca tras o seu retorno a España, a delimitación temporal e as características principais das etapas do seu reinado.*

#### **Doc. 1. Decreto de Valencia, 4 de maio de 1814**

“As Cortes [...] no mesmo día da súa instalación [...] despoixáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois, sobre tal usurpación as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución [...]. Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas [...], senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos”.

#### **Doc. 2. Manifiesto de Rafael del Riego, 1 de xaneiro de 1820**

“Soldados, o meu amor cara a vós é grande. Polo mesmo eu non podía consentir, como xefe voso, que se vos afastase da vosa patria [...]. España está a vivir a mercé dun poder arbitrario é absoluto, exercido sen o menor respecto ás leis fundamentais da nación. [...] A Constitución española, xusta e liberal, foi elaborada en Cádiz entre sangue e sufrimento. Máis o rei non a xurou e é necesario, para que España se salve, que o rei xure e respecte esa Constitución de 1812”.

#### **Doc. 3. Fernando VII declara nulos os actos do goberno constitucional, Gaceta de Madrid, 7 de outubro de 1823**

“Europa enteira, coñecendo profundamente o meu cativerio e o de toda a miña Real Familia, a mísera situación dos meus vasallos fieis e leais [...] determinou poñer fin a un estado de cousas que era o escándalo universal. [...] Sentado xa outra vez no trono de S. Fernando pola man sabida e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos Aliados [...] declaro o seguinte: Primeiro: Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o día 7 de marzo de 1820 ata hoxe, día 1º de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade, obrigado a sancionar as leis e a expedir as ordes, decretos e regulamentos que contra a miña vontade se me ditaban e expedían polo mesmo goberno”.